

Carta aos lectores

Galicia entrou nun novo tempo histórico no que o impulso exterior debe constituír unha das claves referenciais primeiras. Non se pode imaxinar o futuro de Galicia sen concibir estratexias innovadoras que nos sitúen no mundo a partir das nosas propias potencialidades. Habrá continuidades imprescindibles, pero é nas singularidades, nas vantaxes comparativas, onde debemos apoiarnos para desenvolver e consolidar prácticas enriquecedoras da nosa sociedade a todos os niveis. Cando falamos, por exemplo, de diáspora ou de lingua, non soamente falamos de demografía ou de cultura, estamos a falar de política, de economía e de comercio, estamos a pensar en estratexias sólidas e socialmente compartidas que permitan establecer vínculos que diversifiquen as nosas relacións exteriores e enriquezan o acervo estatal e mesmo ibérico e europeo.

Seguindo co exemplo, pensar na lingua é pensar, sen medo e con siso, en políticas de aproximación ao universo da lusofonía que incentiven as relacións económicas, diversificando o noso comercio exterior, que amplíen as nosas relacións políticas e institucionais, que afonden na cooperación a todos os niveis. O Igadi pon en marcha o Observatorio Galego da Lusofonía pensando na activación desas dinámicas. Pensar na diáspora, por outra banda, é pensar en estratexias complexas e plurais que nos permitan aproveitar o capital humano residente no exterior para fortalecer as relacións cos países de acollida. En suma, non podemos prescindir do que somos; pola contra, debemos apoiarnos nos nosos activos singulares para acertar na nosa proxección exterior.

Queremos achegarnos neste número a algúns casos concretos. Cando aquí falouse do dereito de voto da diáspora, houbo voces que reclamaron a súa supresión. Nós reclamamos mais participación política, e non só electoral. E quixemos achegarnos, nunha primeira aproximación, aos casos de Portugal (António Filipe), de Israel (Natan Lerner), de México (Luciano Concheiro Bórquez e Raúl Ross Pine-da) ou de Cabo Verde (Katia Cardoso), cun apunte sobre Italia (Andrea Lanzi) para atopar en experiencias alleas elementos de interese común. Por outra banda, abordar con creatividade o que nos singulariza, non quer dicir deixar de lado outros vieiros solidamente trazados. Hai tres lustros que o Igadi apelou á importancia de Polonia como país clave da Europa alargada. Volvemos sobre o asunto nestas dúas análises, económica (Pablo Penas) e política (Anxo Collarte), cando hoxe ninguén discute xa o acerto daquela proposta.

América Latina é un fervedoiro de movementos, de políticas novas, de actores non homologables, e por iso cómpre seguir de preto o seu acontecer. Abordamos tres aproximacións (Marcelo Colussi, Modesto Guerrero, Ernesto Carmona), non desprovistas de ideoloxía. Por último, achegámonos a diversas perspectivas críticas sobre a cooperación descentralizada (Susana Ruíz), a estratexia informati-

va do Pentágono en Iraq (Andrés Freire), ou unha aproximación teórica sobre o problema da gobernanza e a soberanía na era global (Raimundo Viejo).

A Xunta de Galicia debe liderar o salto cualitativo que precisamos na nosa relación co exterior e debe contar para iso co apoio da sociedade civil, dunha sociedade civil emancipada, consciente do seu papel e capaz de establecer unha relación normalizada cun poder que debe afastar de si toda tentativa de renovación de dependencias. O poder non soamente debe respectar o espazo de actuación da sociedade civil, debe promover a súa independencia como factor elemental para facela crible e mesmo útil ás súas estratexias.

O director.